

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL**CORTE Nº 3 CINTA 12**

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0012_003B_en_0_31_06_id667_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0012_003B_en_0_31_06_id667.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o terceiro corte dos que se divide a primeira das 26 entrevistas realizadas a Enrique Parcerro Chapela e a María Pérez por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante Enrique Parcerro fala do traballo con diferentes artes de pesca empregadas na zona: o cerco de xareta, o xeito e o boliche. A súa muller, María Pérez, participa na conversa.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 06 de agosto de 1992
- **INFORMANTES:** Enrique Parcerro Chapela e a María Pérez
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé ou entre parénteses () para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que din o ou a informante están sinaladas con: (?).

Cando intervéñ María Pérez na conversa está indicado con: “(María)” antes do texto.

PALABRAS CHAVE

mar, mariñeiro, Moaña, artes de pesca, aparello, cerco de xareta, embarcación, calón, truel, salabardo, cesta, caldeo, xeito, pimpón, boliche, trañeira, regata, cabazo de viño, traballos da muller, atadeira, cope.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 3 DA CINTA 12



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: Si ¿A *jareta* que é?

R: A *jareta* é un... vouche a decir, mira, o aparello ten o colcho, e despois ten o plomo...

P: ¿Si quere debuxalo por aí máis ou menos?

R: A ver se son capaz.

P: Unha cousa simbólica.

R: Si simbólica –pon as gafas as outras-

P: Non fai falta.

R: ¿Así non? Este é o cerco do aparello, entón, este é o colcho, este é o plomo, entonces aquí mídese, por exemplo, tiña nove garruchos, nove por nove ochenta e unha, nove por oito...

P: Setenta e dúas.

R: Nove por oito setenta e dúas, por exemplo, tiña setenta e dúas brazas, entonces medías desde o calón, os calóns viñan así. Desde aquí, desde aquí setenta e dúas, entón empezabas aquí, nove, un, outras nove, dous, tres, catro, cinco, seis, hasta nove anillas.

P: Hasta nove anillas, si.

R: Nove anillas.

P: ¿E os garruchos, chámase?

R: Os garruchos. Entón claro, pasabas a *jareta* por aquí, poñamos por exemplo, esta é a popa, e viñas así como se vai asentando o aparello a bordo do barco vaise metendo ó chegar ó garrucho, metía hasta as nove, e despois...

P: ¿A *jareta* é o cabo que iba polo medio?

R: É o cabo que vai polo medio dos garruchos, chámalle a *jareta*. Bueno. Entonces despois, pois, según a altura tamén que tivera o aparello aquelas brazas alí arriba, e ó arriar dice “arría”, larga, tírase con todo, co calón xunto e mais a *jareta* de arriba, e despois vaise largando, vai o *jaretero*, parte de man e, unha, dúas, cantando hasta as nove ¿non? e o que vai facendo o cerco, daquela cando era a remos era o piquero, vai virando, porque ademais hai que ter en cuenta de, a agua sempre hai que tratar de que veña un cabeceiro sea de abaixo ou de arriba un pouquiño encima, non moito, porque se deixas en boca de todo, voa o aparello e queda o peixe atrás.

P: Hai que contar a aguación toda ¿non?

R: Hai que contar coa aguación. E entón, deixándolle un cabeceiro enriba, sempre vai arrimando un pouquiño ¿non sabes? marcha un pouco, pero non é o mesmo, non é coma en boca, entonces sempre vai, entonces vai, os garruchos vanse, como halan as dúas *jaretas* de proa e de popa, vanse xuntando, vanse xuntando e fan copo. O plomo xa ven case xunto. Queda o corcho igual e despois van halando polo aparello empezan...

P: E a parte de abaixo está cerrada.

R: E a parte de abaixo está cerrada. Cerrada de todo non, quedan así... poñamos por exemplo isto ¿non? pero si a de estar así, está así. Algún sempre se marcha por aí, porque sempre queda o que vas halando o plomo, sempre queda outro que está colgado, mentres non ven o outro garrucho, pero xa non... por aí pouco marcha.

P: En principio decía que iso iban halando desde a popa.

R: Desde a popa do barco, desde medio barco.

P: Desde medio barco a popa, e halaban uns homes a babor e outros a estribor.

R: Non, non, non. Todos a babor

P: ¿Todos a babor? ¿E como se aderezaba a chalana, o barco para que non...? se van todos pa un lado.

R: Non, non aboca.



P: Non da volta.

R: Con aparello e con todo inda non da volta, claro algo, algo pincha, porque quince ou vinte homes e o peso do aparello e todo.

P: E se viña muito peixe ¿como se metía a bordo?

R: Despois había uns chamabanlle trueles ou salabardos. Os trueles son os que teñen mango e os salabardos non tiñan mango tiñan e... e entonces iba o que salabardebaba, xa era un, metía e eses salabardos eran coma... coma che vou a decir, un aro con un fondo de...

P: De unha rede.

R: Unha rede, e no último levaba, chamábanlle a estribeira, unha tralla, entonces o que estaba a salabardear collía, poñía á hora (?) o aro no costado e coa estribeira (emite sons guturais)¹, como houbera o salabardo grande. Aquí o home que nunca, que mellor salabardebaba era, según decían, o defunto de Enrique o de Bonifacio, o pai de Ezequiel e de todos eses. Ese, era pa meter peixe abordo, disque era un home, non me acorda como lle chaman, e que metía e despois dous por cada costado, un pola proa (?) e outro pola popa a meter, (emite sons guturais) botaban cinco ou seis cestas cada barco.

P: Cinco ou seis cestas

R: Cinco ou seis cestas. Que son cinco ou seiscentos quilos.

P: Por iso, todo de salabardo ou...

R: E despois claro, como a outra xente que non está a facer nada, porque pa ese momento namais que os das estribeiras e namais que os do salabardo, e mais os dos cabeceiros, ós cabeceiros chámalle a donde termina donde está a enxagua (sic) feita. Eses tamén axudan muito a meter o peixe, os do salabardo tamén como sean finos tamén, porque o de popa antes de meter o salabardo dalle pa proa, e despois ó meter o salabardo vai o de proa levanta un pouquiño –a rede– tamén e xa o peixe xa se mete dentro.

P: A enxagua, a que lle chama, ó final cando...

R: Ó final, cando queda o peixe xunto, está a enxagua feita.

R. (Intervención da súa muller María). Xa é unha rede diferente ca outra.

R. (Continua Enrique). Xa é unha rede máis fuerte, máis gorda ca outra, o aparello. Xa ten un cuadro o aparello. No cabeceiro de arriba, puñamos... por exemplo... Onde vamos? Xa non, xa non...(esqueceu o que ía dicir) (?). Por exemplo este é o cabeceiro de arriba ¿non?, pois este cuadrinho aquí así, hasta aquí era o cabeceiro xa a rede (?)...

P: A rede máis tupida.

R: Aquí arriba arrente o colcho, xa era máis tupida e mais fuerte (escóitase á muller María ao mesmo tempo e dicindo o mesmo). Esa é a enxagua, e agora despois cando veu os barcos de motor, xa non se facía a barranca, ibas con unha chalana.

P: ¿A barranca que era?

R: O aguantar no barco para caldear. Entón iba a chalana (nos barcos a vapor), iba o patrón, e mais un chalanero que supera tamén, había tamén que saber ler, por culpa (?). E entón, despois, el mandaba largar, entón xa se largaba coma se fora á ardora. E xa se traballaba por todo ó costado do barco, por todo non! do medio pa proa, a proa sempre quedaba libre, non chegaba á altura dun puente, o plomo á altura do puente do barco un pouquiño máis pa proa, un pouco máis pa proa, pero a proa sempre quedaba libre.

P: ¿E cando halaban que metían xa o colcho para un lado e o plomo pa outro? Pero...

R: Xa quedaba preparado para largar outra vez, e despois collíase ó acabar de meter o peixe abordo. Se se tomaba e se non se tomaba había que asentalo outra vez, collíase o calón de proa e pasábase pa popa e vaise asentando outra vez e collelo a popa outra vez, e xa queda listo para largar. Xa queda listo para largar outra vez. Se fai falta. cantas veces de estar o patrón a “acabar que xa me come o peixe, acabar” e inda ti estabas a medio meter o aparello, e “veña muchachos e veña, e veña, e veña, e veña, e veña”...

¹ Coido que intenta imitar o ruído dunha roldana de madeira ou ferro ao izar o salabardo.



P: Porque xa. O mesmo tempo que se estaba xa halando e collendo, volvíase outra vez a...

R: Xa se quedaba por detrás.

P: ¿A engadar o peixe?

R: E no de remos tamén, chamábanselle caldear por detrás, e como veñas había que apurar para, ó acabar, largar xa.

P: Para non ter que esperar a que viñera outra vez entonces mentres se collía o peixe xa...

R: Claro porque senón, o peixe estando a comer ó afartarse... entón había que apurar para... e téñense feito lances grandes ¿eh?. Non sei se foi “Pepe Fanico”, se foi o “Quisque”² dunha vez tomou ó caldeo na... xa era cos barcos grandes, xa non era con barcos pequenos, xa non era de remo. Tomou, parece na costa, paréceme que tomaran dun lance, 60 ou 70 cestas, ó caldeo. E á ardora bueno...

P: ¿A ardora?

R: Bufl. O ano do Movimiento³, o ano 36, eu andaba en Cangas, aquel día, aquel ano aparteime de abocar peixe ó mar, ou apartámonos todos cantos andábamos a bordo daquel barco, era como non había xente para traballar nas fábricas nin había saída, a única saída era para os da guerra, porque estabamos no Movimiento na guerra e non había quen o comprara, entón puxeron unha cota, e os barcos de carbón de Cangas dábanlle 105 cestas, e non podías traer máis, porque se as traías incautábanse delas, non chas pagaban, vendíannas eles e incautábannas eles, e os outros tiñan 80, 75 según fora o barco, así tiña o cupo, e nós naquel ano na costa de Portugal pois, hasta... sempre sobraba, sempre sobraba.

P: Había muito peixe ese ano.

R: ¡Mimadriña!

P: Que outros aparellos, que outras artes había aparte do cerco, a arte?. Aquí o que máis predominaba que era o xeito?.

R: Despois o xeito. O xeito xa é máis antigo que a ardora ¿eh? e mais ca o cerco de *jareta*.

P: Por iso, que me dixera antes que viñeran os de Santander aquí co cerco.

R: Esos viñeran despois co cerco, si.

P: ¿E truxeron as lanchas tamén eles a vender?

R: Empezaron a traer as traineras, porque aquí antes eran ¿como lle chamaban?. Era a feitura de bote...

R. (Resposta a muller María). Chamábanlle pimpóns, chamábanlle pimpóns.

R. Pimpón, pimpóns.

P: ¿Pimpón se chamaba?

R: Uns botes grandes ¿non sabes?. Uns botes mui grandes.

P: Estas que son, as que andaban ó xeito ou ó cerco?.

R. (María): Estas son as que andaban xa ó xeito.

P: Ó xeito

R. (María): As lanchas. E que a feitura do pimpón porque na da miña abuela había un bote así, eran o pimpóns, chamábanlle o pimpón

R: Si si (afirma Enrique)

R (María): Eran así da feitura de bote

P: Non ten nada que ver cos faluchos.

R (María): Non eses eran botes.

R: Non os faluchos eran outra cousa.

R (María): - eses eran un pimpón grande.

R: Eu os faluchos non os acordo, non che poden decir tampouco,

R (María): Eu inda me dou conta de...

² Pepe Fanico = Antonio Bernárdez Villaverde. Quisque = José Pombal (Pepe), ambos propietarios de barcos. Pepe Fanico é informante na colección de O Mar e as súas entrevistas pódense escoitar no APOI (rexistros O MAR 1.1. a O MAR 11).

³ Refírese ao golpe de Estado de 1936.



R: O pimpón si, porque eran os que andaban os de Redondela con eles aínda, que andaban na Illa, porque tiñan sitio pa durmir, tiñan sitio pa traballar, tiñan pa todo.

P: Con estes pimpóns ¿os que andaban ó xeito?

R: Ó xeito.

P: Ó cerco non?.

R: Porque inda non había cerco...

R (María): Ó boliche tamén-...

R: E despois algúns irían ó cerco tamén cando veu.

P: As traineras eran máis estilosas, máis finas que estas?.

R: As lanchas despois das traineras, cando viñeron as traineras, eran máis máis largas, máis... doutra feitura, e tiñan velas tamén, tiñan velas sí, e había regatas, as regatas viñeron por iso. quen chegaba máis pronto a Vigo e quen chegaba máis pronto ó mar. Había apostas. Un cabazo⁴, un cabazo de viño ¿eh?

P: Eso cando, xa é máis recente

R: Cando andaban ó xeito. Cando andaban ó caldeo. Ó xeito xa andaban neses barcos

P: E o caldeo sobre que ano empezaría así o caldeo, sobre o “30” ou así ou?...

R: Antes do “30”.

P: Antes do “30”.

R: Antes do “30”, e antes do “20” tamén. Porque eu xa de rapaz no vinte tiña 10 anos e xa había caldeo.

P: ¿E xa había regatas daquela?

R: Regata quero decir, entre eles, ó ir po mar e ó vir, a ver quen chega primeiro a Vigo, a ver o que chegue primeiro a Vigo paga ou o que chegue máis tarde paga o cabazo, e veña.

P: Xa falaremos deso, diso xa falaremos que imos a falar das regatas de traineras. Estábamos no xeito.

R: Do xeito xa sabes cómo son, son pezas feitas e malla (?) largas, levan uns baureles (sic. Localismo de bourel) para que queden flotando ¿non sabes?, arriba, non van ó fondo, o xeito é volante.

P: E é largo, é rectangular non é como o boliche nin...

R: Nada, nada é largo

P: Son pezas como...

R (María): Son pezas sí e van recollendo...

R: Son pezas e van encanadas unha na outra,

R (María): Van cómo unha cadeneta...

R: E levan uns baureles pa aguantalas a flote.

P: ¿Levan moitos baureles máis ou menos?

R: Levan de.. bueno iso agora, menos de oito ou dez brazas en dez brazas, ou así.

P: Un bourel pequeno ¿non?.

R: Un bourel, con que aguante no...

P: Aparte o colcho.

R: Aparte o colcho sí, aparte o colcho, e mais o plomo.

P: E mais o plomo.

R: Ese é para que, por exemplo, ¿onde vamos a largar? A fóra da Illa, porque antes iban a fóra da Illa, “pois vámoslle a dar catro brazas de”... “pero onde vamos a largar, aquí a fóra da ribeira”, entón xa son dúas ou tres brazas, según unha altura ¿entendes? según a altura que teña o mar así lle hai que dar arrienda do bourel ó colcho.

P: Ó colcho si.

R: Estes que andan por aquí agora, como anda meu xenro Lolo, como anda o... eses que andan por aí

⁴ O cabazo en Moaña equivale a vinte litros.



R (María): O Carnisa...

R: Manolo o de Félix, o Carnisa e todos eses. Pois eses andan cunha braza, braza e media e ademais as pezas verdadeiras do xeito, teñen cinco brazas, e estas teñen dúas e media, fan de unha, dúas. De unha fan dúas. Córdannas ó medio, e despois colcho e plomo, pónenlle unhas e... calzas. Porque a calza non é, é máis chouza é máis gorda ca...

R (María): É unha rede de máis aguantar

R: É pa aguantar, é un refuerzo, e leva arriba e abaixo, no plomo e no colcho unha cuarta por aí desa calza, e entón a tralla ponlle o aquel, o bourel, de dez en dez brazas ou de cinco en cinco, según, según sea.

P: E as pezas estas do xeito que se deixaban no mar ¿non?

R: Non, non, non. Largabas e collías.

P: ¿A non se deixaban horas no mar para... ?

R: Non, non. Largábase, poñíamos por exemplo do asexo, de asexo é á tarde, largábase por aí antes de poñerse o sol un pouco hasta que escurecía ou un pouquiño antes de escurecer, según se mirabas porque estás no barco ¿non? e non sabes se mallas ou non, porque o peixe anda por baixo.

P: O aparello hai que deixalo alí quieto.

R: Non. O aparello está largo e ti estás amarrado ó chicote, e el vai indo coa corrente, vai volante.

P: Vai volante non está...

R: Vai volante.

P: ¿E non ten que halalo?

R: Non ten que halado, non, por iso leva os boureles, por iso leva os baureles, entón vai volante, entón ti para saber se hai algo, halas... unha, ningunha ou nada. Pois hala, voga po largo outra vez. Aí! parece que mallan. Hai, hai algún...

P: Síntese polo peso o tirón ou...

R: Non, non, non. Miránse.

P: Mirase.

R: Vai halando e se miras que ven un e outro, cando (?). Hai que meter a bordo que non vai a dar tempo a... si malla muito despois non da tempo a...

R (María): Eses non veñen en bolso, veñen malladas...

R: Veñen malladas, entón hai que ir sacando unha por unha, hai que ir sacando unha por unha da malla.

P: Entonces ese é un aparello máis ben tipo familiar non era para muitos homes ¿non?

R: Aí antes eran tamén, pa' fóra, que era o primeiro aparello que hubo seica, e para a sardiña, e despois había o boliche, o boliche para os xurelos, e iban a fóra da Illa tamén o...

R (María): O buraz

R: O buraz e a...

R (María): E a lura...

P: Prácticamente os aparellos que máis había o boliche e o xeito.

R: E o xeito eses xa son os máis antigos o boliche, o xeito, a arte.

P: A arte sí

R: A arte é un dos máis antigos, e despois empezaron a vir eso, o cerco de *jareta* disde que viñeron (?), entón xa se empezou a andar, pero eso veu...

P: ¿E o boliche?

R: O boliche xa é moi antigo tamén, é tan antigo como a arte ou, ou...

P: É parecido.

R: É parecido á arte.

P: O que pasa que se usaba no mar e a arte pois [da area]...

R: O boliche non queda no mar tampouco, tamén é largar e halar.

P: Pero ¿non tiran de terra. O boliche de onde tiran?



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

R: Non, non, tiran no mar.

P: Tiran no mar.

R: Dase fondo, e amárrase a estribor, e ven vindo como o bou, é unha cousa parecida ó bou, pero non raspa tanto aquela máis a...

P: Anda máis entre augas.

R: Anda máis entre augas. Eso é.

P: O boliche que ten cope tamén, ten un calón e despois ten un cope grande tamén fai unha cousa...

R: Ten bandas.

R (María): Ten dous calóns.

R: Ten bandas, unha banda de arriba e outra de abaixo, como lle chamamos, a de proa e a de popa, bueno, as dúas bandas. E está dividido en dúas partes, laxos e chouzras. Quero dicir, media banda desde o calón, o calón é donde se emboza a veta, pa tirar por el, hasta media banda e unhas cuartas máis aínda, son a rede dunha... son de tres a cuarta non? Os laxos, chámanlle os laxos, tres a cuarta, unha cuarta tres brazas, e despois ten outra parte que encana nesa que lle chaman os chouzros, vai hasta a gola, esa xa ten unha malla máis... xa é máis pequena a malla, bueno, despois ven as golas, as golas é o que se chama onde empeza a boca, ten tres clases de malla, ten a de arrente ás bandas, que é tres a cuarta, despois ten a segunda mena que son catro, e despois ten a terceira mena que son tres, tres, tres ou si acaso...

P: Que é a parte final da bolsa.

R: ¿O que? Espérate! Eso xa é o que lle chaman o redondel da gola, da boca. Despois encana o cope, o cope que é de rede desta chouza como a da ardora pouco máis ou menos, son de vinte a cuarta, vinte mallas unha cuarta ou vinte tantas, e ten outra cousa, espérate! E despois ven a corona, a corona é un cuadro, que tiñamos por exemplo... o boliche é poñamos por exemplo, de...

R (María): Oitocentas mallas

R: Oitocentas mallas

R (María): Que era o que tiñamos nós

R: Entón, que a (?) dos máis pequenos, hainos de oito de dez e hainos de seis tamén, pero oito é o máis regular, oitocentas, entón a corona leva esas oitocentas.

P: Oitocentas mallas.

R: E un cope ten que levar dezaseis centas, mil seiscentas, porque é chouza, entón pa pegar na gola, unha malla da gola leva dúas do cope, entón despois ben a corona. A corona tes que facer un cuadrado

R (María): Un cuadrado coma o pano da cabeza igual.

R: Un cuadrado coma un pano da man.

R (María): Sí. Coma un pano da man igual..

R: Poñamos por exemplo, por aquí é a cabeza, leva catrocentas mallas e aquí son os costados, chámanlle os costados, e leva outras catrocentas, entón son catro e catro oito, e catro doce e catro dezaseis, que son os dezaseis centos que leva o cope. Entón agarras o cope despois para pegarlle, pa pegarlle a corona, haille que poñer, por exemplo, aquí un punto, aquí outro punto, aquí outro punto

P: Búscase o centro dos catro lados.

R: O centro dos catro lados, e aquí outro. Aí está.

P: ¿E como se cose?

R: Espérate! E á corona fanlle a mesma, a mesma maniobra, outros catro puntos, entón colles esta parte que é a cabeza, porque a rede ten cabeza e costado, as mallas teñen cabeza e costado, por exemplo, si esta é a cabeza este lado é un costado, entón colles para pegar a corona no medio e medio da boca da gola que xa está armada, xa hai que armar antes de poñerlle o cope e todo, xa para pegar a gola e todo, entón colles pos as dúas, e colles a



mallá do medio, hasta o quinto cope, e alí daslle o primeiro punto, entón xa quedan os catro puntos e colles a corona faslle o mesmo, entón atas, primeiro o punto do colcho co da cabeza da corona, despois outro punto do plomo, e despois os dos costados, entón agora para pegar a corona a atadeira ou quen a faga, pega no punto e ven malla e malla metendo, xa non lle dan nudo, liño, liño, liño (sic)⁵ hasta esta esquina, ó chegar a esta esquina teñen que coller o revés, que lle chaman o revés (?) e ven hasta este punto, despois ata este punto todo aquí ó redor hasta este outro.

P: Hasta os lados.

R: Hasta o outro lado e aí quedan.

P: Empeza na cabeceira primeiro vai cosendo hasta un lado e despois vai cosendo hasta o outro lado.

R (María): Despois queda como un gorro.

R: Despois queda coma un... aquí chamanlle os cornuchos, porque vai así.

P: Na esquina si.

R: Fai así non sabes?

R (María): A tela que vai aquí. Ten que ir na mesma cousa, tanto ó revés como ó dereito. Entonces sabiamos todas facer iso.

R: Inda non eran todas as atadeiras que sabían facer iso

R (María): Eu inda o aprendín despois, namais porque aquí o traballo noso facíano o defunto do meu pai no boliche.

R: Pegaban elas...

R (María): Entón pegamos

R: Entonces despois aquí vai cabeza con cabeza, pero aquí xa ten que ir cabeza con costado, por iso lle chaman os reveses, porque este fai un cornucho así, entón ven dobla así e así non sabes

R (María): Queda como un gorro.

R: Queda como un gorro.

R (María): E como un pano de cabeza ten que quedar como un gorro.

R: Entonces por si hai un engano, ó chegar aquí e aquí é onde rematan e entonce despois empezan hasta aquí, empezan así e despois hasta aquí, porque si hai un engano dunha malla ou dúas, chámalle faltas e sobras ó plomo, ó fondo do aquel, por arriba ten que quedar malla e malla, e si hai unha falta de que hubo un engano, unha malla ou dúas pois ó fondo.

P: Entre mil seiscientas é normal que haxa algunha falta ¿non?

R: Pode haber.

R (María): ¿Que hora é?

P: Son as sete menos dez pasadas.

R: Son as sete... Eu teño menos cinco.

P: Van a ser menos cinco sí. Entonce isto queda así dentro do cope, fai así, fai coma un refuerzo

R: E porque despois a corona é máis chouza.

R (María): A corona queda así, vouche decir, un cuadro este, queda así. Queda así un cuadro

R: Pero este cuadro tamén vai pa arriba

R (María): Queda así a corona, así, así. Quédalle un piricullo así

P: E iso queda ó final

R (María): Así. É o que lle chaman a corona.

⁵ “Liñoar” penso que é un localismo. Neste caso refírese a que vai cosendo, dando puntadas sen anudar.